



## Guía Docente

| Guía Docente          |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |                    |             |           |
|-----------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|-------------|-----------|
| Datos Identificativos |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |                    |             | 2021/22   |
| Asignatura (*)        | Investigación-acción e innovación                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |                    | Código      | 652512203 |
| Titulación            | Mestrado Universitario en Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares e Socioeducativa                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |                    |             |           |
| Descriptor            |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |                    |             |           |
| Ciclo                 | Período                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       | Curso              | Tipo        | Créditos  |
| Mestrado Oficial      | 1º cuadrimestre                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               | Primeiro           | Obrigatoria | 4.5       |
| Idioma                | Galego                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |                    |             |           |
| Modalidade docente    | Presencial                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |                    |             |           |
| Prerrequisitos        |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |                    |             |           |
| Departamento          | Pedagogía e Didáctica                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |                    |             |           |
| Coordinación          |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               | Correo electrónico |             |           |
| Profesorado           |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               | Correo electrónico |             |           |
| Web                   |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |                    |             |           |
| Descrición xeral      | A materia aborda a investigación e a innovación en educación focalizándose nos procesos de investigación participativa, próximos a Investigación-Acción e nos procesos de innovación auténtica vinculados coa xustiza social  coma equidade, coma recoñecemento e coma representación democrática. Sitúa ambas no escenario da globalización neoliberal, o capitalismo cognitivo e a cultura da converxencia dos medios de comunicación e participación e presta moita atención as prácticas e coñecementos alternativos vinculados os movementos sociais das persoas indignadas, o movemento das cidades e pobos en transición e as loitas de xénero e de orientación sexual dende a perspectiva decolonial. |                    |             |           |
| Plan de continxencia  | 1. Modificacións nos contidos<br><br>2. Metodoloxías<br>*Metodoloxías docentes que se manteñen<br><br>*Metodoloxías docentes que se modifican<br><br>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado<br><br>4. Modificacións na avaliación<br><br>*Observacións de avaliación:<br><br>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |                    |             |           |

## Competencias / Resultados do título

| Código | Competencias / Resultados do título                                                                                                                                                               |
|--------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| A2     | Utilizar modelos colaborativos de acción socioeducativa que promovan verdadeiras comunidades de aprendizaxe, favorecendo o traballo en contornos multiprofesionais                                |
| A6     | Desenvolver proxectos educativos de centro e/ou propostas pedagóxicas innovadoras baseadas na xustiza, a democracia e a diversidade.                                                              |
| A8     | Redactar, presentar e defender proxectos de investigación e informes, memorias, regulamentos, así como outros documentos básicos que contribúan a organizar a acción escolar e/ou socioeducativa. |
| A10    | Ser capaz de impulsar e desenvolver estratexias que impulsen a cultura de traballo en rede.                                                                                                       |
| A11    | Capacidade para fomentar e liderar a creatividade e innovación nas entidades e institucións promovendo proxectos orientados ao cambio de culturas profesionais.                                   |
| A12    | Ser capaz de detectar necesidades de formación continua e da súa institucionalización como requisito asociado á mellora educativa.                                                                |
| B2     | Capacidade de resolución de problemas                                                                                                                                                             |
| B8     | Traballo colaborativo                                                                                                                                                                             |



|     |                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
|-----|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| B9  | Capacidade de innovar                                                                                                                                                                                                                                                                        |
| B12 | Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.                                                                                                                 |
| B13 | Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.                                                 |
| B14 | Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos. |
| B15 | Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.                                                                                                 |
| B16 | Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo.                                                                                                                             |
| B17 | Comunicar as conclusións -e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan- a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades                                                                                                                              |
| C3  | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida                                                                                                               |
| C4  | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común                                        |

| Resultados da aprendizaxe                                                                                                                                                                                                                                                                    |      |                                     |     |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------|-------------------------------------|-----|
| Resultados de aprendizaxe                                                                                                                                                                                                                                                                    |      | Competencias / Resultados do título |     |
| Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.                                                                                                                 |      | BM12                                |     |
| Aplicar os coñecementos adquiridos e a capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.                                                                              |      | BM13                                |     |
| Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos. |      | BM14                                |     |
| Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.                                                                                                 |      | BM15                                |     |
| Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo.                                                                                                                             |      | BM16                                |     |
| Capacidade de resolución de problemas.                                                                                                                                                                                                                                                       |      | BM2                                 |     |
| Traballo colaborativo.                                                                                                                                                                                                                                                                       |      | BM8                                 |     |
| Capacidade de innovar.                                                                                                                                                                                                                                                                       |      | BM9                                 |     |
| Desenvolver proxectos educativos de centro e/ou propostas pedagóxicas innovadoras baseadas na xustiza, a democracia e a diversidade.                                                                                                                                                         | AP6  |                                     |     |
| Redactar, presentar e defender proxectos de investigación e informes, memorias, regulamentos, así como outros documentos básicos que contribúan a organizar a acción escolar e/ou socioeducativa.                                                                                            | AP8  |                                     |     |
| Ser capaz de impulsar e desenvolver estratexias que impulsen a cultura de traballo en rede.                                                                                                                                                                                                  | AP10 |                                     |     |
| Capacidade para fomentar e liderar a creatividade e innovación nas entidades e institucións promovendo proxectos orientados ao cambio de culturas profesionais.                                                                                                                              | AP11 |                                     |     |
| Ser capaz de detectar necesidades de formación continua e da súa institucionalización como requisito asociado á mellora educativa.                                                                                                                                                           | AP12 |                                     |     |
| Comunicar as conclusións -e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan- a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.                                                                                                                             |      | BM17                                |     |
| Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.                                                                                                              |      |                                     | CM3 |



|                                                                                                                                                                                                                                                        |     |  |     |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----|--|-----|
| Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |     |  | CM4 |
| Utilizar modelos colaborativos de acción socioeducativa que promovan verdadeiras comunidades de aprendizaxe, favorecendo o traballo en contornos multiprofesionais.                                                                                    | AP2 |  |     |

| Contidos                                                                                  |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |
|-------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Temas                                                                                     | Subtemas                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |
| Os contextos cambiantes e o papel da educación nas institucións educativas.               | -Cambios sociopolíticos, culturais, económicos e tecnolóxicos e a súa repercusión no ámbito educativo e socioeducativo.<br>- Retos da educación: a comprensión das políticas e das prácticas educativas e socioeducativas e a promoción da democracia, da convivencia e da xustiza social e curricular a través dos seus proxectos. |
| A investigación-acción: conceptualización, características, propósitos e perspectivas.    | -A relación teoría-práctica na praxe educativa. Reflexión sobre a súa consideración nas accións socioeducativas.<br><br>-Conceptualización, características e propósitos, movementos e tradicións, perspectivas e modalidades de investigación-acción.                                                                              |
| Planificación, desenvolvemento e difusión da investigación-acción e innovación educativa. | - Cartografía social do cambio e da innovación en educación<br>- Metodoloxía da investigación-acción: planificación e desenvolvemento cara a formas auténticas de innovación<br>- A ética e a política na innovación e na investigación-acción<br>- Comunidades críticas no mundo global: redes e movementos                        |

| Planificación                                                                                                            |                                                     |                                         |                         |              |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------|-----------------------------------------|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas                                                                                                    | Competencias / Resultados                           | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Traballos tutelados                                                                                                      | A10 A11 A12 B2 B8 B9 B12 B16 C4                     | 16                                      | 48                      | 64           |
| Seminario                                                                                                                | A2 A6 A8 A10 A12 B2 B8 B9 B12 B13 B14 B15 B17 C3 C4 | 12                                      | 20.5                    | 32.5         |
| Presentación oral                                                                                                        | A2 A8 A12 B2 B9 B12 B13 B14 B15 B17 C4              | 3                                       | 9                       | 12           |
| Atención personalizada                                                                                                   |                                                     | 4                                       | 0                       | 4            |
| *Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado |                                                     |                                         |                         |              |

| Metodoloxías        |                                                                                                                                                                                                                                                                                  |
|---------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Metodoloxías        | Descrición                                                                                                                                                                                                                                                                       |
| Traballos tutelados | Estudo de caso múltiple que consiste na análise de experiencias, proxectos ou iniciativas que fagan uso de metodoloxías de investigación participativas, similares a investigación-acción e persigan innovacións auténticas en prol da xustiza social nas súas múltiples formas. |
| Seminario           | Traballarse sobre diferentes documentos para ir construíndo e consensuando ideas claves e aplicando ferramentas para o análise e deseño de procesos e accións de investigación participativa e innovación auténtica.                                                             |
| Presentación oral   | Presentación apoiada en documentos de formato múltiple para amosar os resultados do traballo tutelado.                                                                                                                                                                           |

| Atención personalizada |            |
|------------------------|------------|
| Metodoloxías           | Descrición |



|                                  |                                                                                                             |
|----------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Traballos tutelados<br>Seminario | O estudiantado, a través das titorías, recibirá orientacións e apoio para a realización destas actividades. |
|----------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

| Avaliación          |                                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                  |               |
|---------------------|-------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|
| Metodoloxías        | Competencias /<br>Resultados              | Descrición                                                                                                                                                                                                                                                                       | Cualificación |
| Presentación oral   | A2 A8 A12 B2 B9 B12<br>B13 B14 B15 B17 C4 | Presentación apoiada en documentos de formato múltiple para amosar os resultados do traballo tutelado.                                                                                                                                                                           | 30            |
| Traballos tutelados | A10 A11 A12 B2 B8<br>B9 B12 B16 C4        | Estudo de caso múltiple que consiste na análise de experiencias, proxectos ou iniciativas que fagan uso de metodoloxías de investigación participativas, similares a investigación-acción e persigan innovacións auténticas en prol da xustiza social nas súas múltiples formas. | 70            |

| Observacións avaliación |
|-------------------------|
|-------------------------|



## Integridade académica:

Os contidos incluídos nos

traballo deben estar apropiadamente referenciados ao longo do texto e no apartado de referencias usando as normas APA 6ª edición. O texto literal debe declararse usando as normas APA 6ª edición. No parafraseo deben figurar as fontes orixe das ideas que se reelaboran. A presenza de fontes no traballo é un signo de credibilidade que é requisito imprescindible para demostrar excelencia académica.

Recoméndase consultar:

[www.suagm.edu/umet/biblioteca/pdf/GuiaRevMarzo2012APA6taEd.pdf](http://www.suagm.edu/umet/biblioteca/pdf/GuiaRevMarzo2012APA6taEd.pdf)

[http://www.ugr.es/~plagio\\_hum/0401Prevencion.htm](http://www.ugr.es/~plagio_hum/0401Prevencion.htm)

Política antiplaxio:

As citas e

referencias a calquera tipo de texto deben declararse. O uso de texto literal ou ideas de outros autores ou autoras parafraseadas sen declarar a fonte supón o suspenso do traballo en aplicación do artigo 14.4 da normativa académica de avaliacións, cualificacións e reclamacións, aprobada polo Consello de Goberno do 19 de decembro de 2013, na que se indica que "na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade".

Debe consultarse:

[http://www.ugr.es/~plagio\\_hum/](http://www.ugr.es/~plagio_hum/)

<http://blogbibliotecas.mecd.gob.es/2015/01/22/plagio-academico>

Prazo de

Admisión de propostas para o traballo tutelado:

Non serán admitidas

propostas para o traballo de estudo de caso unha vez rematado o prazo de admisión fixado na documentación complementaria que será entregará na clase.

Composición dos grupos e

traballo:

Nas tarefas en grupo, incluído o

traballo tutelado, a avaliación de cada membro variará en función da asistencia a clase, as sesións obrigatorias de seguimento e en función da implicación no proceso. Ao longo da realización do traballo e nas diversas convocatorias de avaliación ponde darse variacións na composición dos grupos e no número de compoñentes se, a criterio da profesora, así se asegura a elaboración apropiada do mesmo.

Asistencia:

Cunha asistencia inferior o 80%

das clases presenciais non contará a nota da aprendizaxe colaborativa.

É obrigatoria a

asistencia do alumnado ao 80% das sesións. Se non alcanza dito porcentaxe e non realiza a proba de exame nin o estudo de caso a cualificación final do estudante na primeira oportunidade será NON PRESENTADO.

Se realiza o exame sen superar o

requisito de asistencia, a cualificación final del alumnado será de 50% para o exame e 50% para o traballo de estudo de caso. Nestos casos o alumnado ten que falar coa profesorado sobre as condicións de realización do traballo.



